

Lophophanes cristatus (Linnaeus, 1758)

	ferreiriño cristado
	herrerillo capuchino
	amilotx mottoduna
	mallerenga emplomallada
	crested tit
	chapim-de-poupa



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	11 g
Lonxitude	11,5 cm
Envergadura	17-20 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Paridae	Lophophanes

ALIMENTACIÓN

Principalmente insectos e arañas, aínda que tamén almacena sementes (piñóns, p.ex.)

COMPORTEMENTO

Ambos sexos constrúen un niño de pelos, plumas e lá en buratos naturais ou escavados pola femia en ramas podres. En inverno esta ave pode verse unida a bandas de ferreiriños negros e azuis, pero nunca forma bandas propias.

REPRODUCCIÓN

Celo dende marzo. Entre 1 e 2 postas, de 3-9 ovos brancos e con motas púrpuras que incuba a femia 18 días. Os polos poden voar aos 21 días.

HÁBITAT

Prefire os bosques de coníferas, pero tamén aparece en formacións de caducifolias.

DISTRIBUCIÓN

Localizada en grande parte de Europa, dende os Urales e a metade sur de Escandinavia ata a Península Ibérica.

CURIOSIDADES

Resulta inconfundible pola súa crista característica. A finais de inverno comeza o cortexo do macho, que voa piando sobre as copas das árbores ou se exhibe diante da femia enderezando a súa crista e facendo vibrar as ás mentres lle ofrece alimento.

No territorio peninsular atopamos as formas *L. cristatus* "weigoldi" e "mitratus".